

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 16 DE MAIO DE 1995.

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadaiva o día dezaseis de Maio de mil novecentos noventa e cinco; ás doce da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebra-la sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.- Non asiste Don Xosé Prieto Pérez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do borrador da Acta da sesión, que foi a celebrada o día 11 de Maio pasado.

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Visto un escrito da Consellería de Cultura ó que se achega proxecto para a reparación de urxencia da cuberta do cruceiro da Igrexa de Santo Domingo, nesta Vila, ó que se une tamén copia do informe favorable de supervisión do proxecto así coma copia da Resolución do Consellerio de Cultura autorizando e aprobando o proxecto, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó devandito proxecto segundo o establecido no proxecto en cuestión, tendo en conta as condicións nas que se atopa o actual cuberta. O acopio de material situarase nunha zona debidamente acotada.

3.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

ADXUDICACION DA REPARACION CAMIÑO PISTA SUBIDA A IGREXA DE ESPOSENDE E OUTROS.- Examinado o expediente e visto o presuposto presentado pola empresa EXTRACO S.A., a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, e con cargo á aplicación orzamentaria 432.61000.9 incorporada do pasado exercicio, procede a adxudicación definitiva da contratación directa da devandita obra, por razóns de necesidade e urxencia a dita empresa polo importe de 5.419.375 pesetas, IVE incluído. Na súa consecuencia esta Comisión de Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva citándolle para formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días dende a data de notificación.

E sendo as doce e media da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.